



Mediante *Resolución Reitoral do 2 de setembro de 2003* aprobouse o plano de estudos de Enxeñería Química, que substitúe ó aprobado por Resolución Reitoral do 5 de setembro de 1994, implantándose no 2003/2004 o primeiro ciclo e no 2004/2005 o segundo ciclo. O plano de estudos de 1994 incluía a materia de 5º curso *920504 Resistencia de Materiais*, materia que no plano do 2003 non existe con esta denominación.

A materia *920504 Resistencia de Materiais*, do plano de Enxeñería Química de 1994 era materia incluínte do complemento de formación de Enxeñería Ambiental *Resistencia de Materiais*. No presente curso académico 2004/2005, ó implementarse o segundo ciclo do novo plano de estudos de Enxeñería Química, queda sen dereito a docencia o segundo ciclo do plano vello e polo tanto a materia Resistencia de Materiais, polo que **compre incorporar o complemento de formación de Enxeñería Ambiental a unha materia do plano novo de Enxeñería Ambiental que teña un contido académico igual ou semellante.**

Tendo en conta esta situación así como o informe emitido pola Comisión da Titulación de Graduado Superior en Enxeñería Ambiental en relación coa programación docente anual (PDA) do curso 2004/2005 e 2005/2006 este Vicerreitorado

RESOLVE

Primeiro.- Incorporar a materia complemento de formación *111812 Resistencia de materiais* como materia incluída na inclusión *921312 Elasticidade e Resistencia de materiais*, que se imparte no segundo cuadrimestre, correspondente á titulación de Enxeñería Química plano novo. Este complemento de formación terá dereito a docencia e polo tanto á liquidación dos prezos públicos que correspondan segundo a normativa que é de aplicación.

Segundo.- De acordo coa presente resolución e a normativa que sexa de aplicación a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur deberá axusta-la liquidación dos prezos da matrícula dos alumnos que, de se-lo caso, poidan estar afectados pola matrícula no complemento de formación con dereito a docencia "Resistencia de Materiais".

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2005

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado



Cástor Méndez Paz

Sr. Secretario Xeral Adxunto; Dr. Director da titulación de Graduado Superior en Enxeñería Ambiental; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.